



EXCMO. CONCELLO DE TUI

ANUNCIO

Mediante resolución de data 13/04/2021 da Concellería delegada de persoal se ditou o seguinte acto administrativo,

RECTIFICACIÓN DE ERRO NA INDICACIÓN DO CELGA NECESARIO PARA A EXENCIÓN DA PROBA DE GALEGO NO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA INTERINA DA PRAZA DE AUXILIAR DE ARQUIVO E BIBLIOTECA, GRUPO C, SUBGRUPO C-2 E CONSTITUCIÓN DE LISTA DE RESERVA.

Mediante Resolución da Concellería delegada de Persoal de data 31/03/2021 aprobáronse as bases e a convocatoria do proceso selectivo para a cobertura interina da praza de auxiliar de Arquivo e biblioteca grupo C, subgrupo C-2 e constitución de lista de reserva.

En ditas bases indicouse no artigo 5 que:

“Os/As aspirantes que desexen que se lles teña en conta a non obrigatoriedade da proba de galego deberán achegar a acreditación do nivel CELGA 4, xunto coa solicitude de participación”

Criterio erróneo dado que segundo a titulación esixida para o posto, ESO, o nivel de acreditación do coñecemento do idioma galego para estar exento da proba de galego é o CELGA 3; tal e coma se esixe no artigo 8.D) das propias bases de selección.

Segundo o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública; *“As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.”*

Á vista do anterior:

RESOLVO:

1. Rectificar a resolución de data 31/03/2021, artigo 5 de xeito que onde indica:

“Os/As aspirantes que desexen que se lles teña en conta a non obrigatoriedade da proba de galego deberán achegar a acreditación do nivel CELGA 4, xunto coa solicitude de participación”

Debe dicir:

“Os/As aspirantes que desexen que se lles teña en conta a non obrigatoriedade da proba de galego deberán achegar a acreditación do nivel CELGA 3, xunto coa solicitude de participación”

2. Ampliar o prazo de presentación de instancias ata o martes , 27 de abril de 2021 debido a esta modificación das bases..

3. Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web do Concello.

4. Dar traslado do presente acordo a unidade de persoal e ao Pleno na primeira sesión que se celebre.





EXCMO. CONCELLODETUI

O sr. Concelleiro Delegado de Persoal , Seguridade de Protección Civil, Don Jose Ramón Magán Rivera, en Tui.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

